

COLEGIO FINGOY

LUGO

15 xunio 1966

Sr. Don Xosé María Álvarez Blázquez
Oviedo

Meu querido amigo: Estiven no Convento de San Francisco de Santiago pra localizar as "Sumptuosas fiestas". Teño xa a signatura do volume, e na primeira ocasión consultaréino pra ver se hai nil ago que che interese. Non o puiden facer na primeira visita por falta de tempo. Conservo todas as papeletas pra evacuar as consultas cando sexa posibre.

Fai xa tempo dabondo que consultéi o manuscrito de Carré, e as miñas lembranzas do mesmo son debis. Pero non cabe dúbida que se eu atopara nil copia de textos galegos descoñecidos, hóbéraos citado. Lembro que cita algunhas estrofas de "Os rogos" que non figuran en "El idioma gallego"; pero disto xa fixen uso na miña "Historia", e xa que tes o testo integro agora, non hai máis que falar. Coido que, efectivamente, niso de gran número de follas soltas en galego antre 1808 e 1823, ten que haber un pouco de fantasía. En todo caso, Carré non as tiña á vista ao redactar o seu traballo. Sen dúbida houbo algo, e algo se conservará, pero ninguén sabe ónde, e só a sorte pode depararnos cicáis algún exemprar.

Non deixaréi de lle falar a Carré como me indicas. En Boel non estiven. Ise día actuéi en Santiago. Fai tempo que non vou á Academia. Cando se presente a ocasión, trataréi do asunto.

Xa non me acordaba da miña referencia á carta de Fandiño. Vina na Academia, e xa que mo afiuzas, correxín o erro de cita no meu exemprar

da "Historia". É un erro estrano, porque a cita é de primeira man. Pero istas cousas pasan.

Verbo de Sir Robert Wilson xa chegara eu á conclusión de que o saine-
te de que fala Salinas tiña que se referir aos acontecementos do ano 23.
Pero que satirice aos liberás do ano 12 non quer decir que a acción se
desenrole nisa data, senón que ataca aos "doceañistas", é decir, aos que
en 1829 puxeran en vigor a Constitución do 12. Polo tanto, teño, efeiti-
vamente, que revisar o párrafo, pois, fora por imprecisión das miñas fon-
tes, fora por interpretalas mal, admito a posibilidade de que a obra so-
bre Wilson fora anterior, ~~escribiu en 12~~ á de Fandiño, escrita no 12; o
que vemos que non é probable. Creo recordar que Wilson participou tamén
na guerra da Independencia; pero todo fai supor que o saineate perdido
se refería aos tempos dos Cen mil fillos de S. Lois.

Podo falar sen incomente coa Bibliotecaria de Lugo i encarregarlle
que che mande unha fotocopia do testo de Pintos, anuncio da segunda se-
tina, publicado en "La Aurora del Miño". Se ela non o pode facer, por non
ter organizado o servicio, podo pedir que o faga a un fotógrafo. Axíña
que dispoña de tempo faréi a xestión. Xa comprenderás cómo ando de tra-
fegos nistes finás de curso. Tes que aturar que tarde en comprirche as
encomendas, pero ten a seguridade de que se me das tempo iréi facendo o
que poda.

Supoño que aínda estarás en Oviedo. Comunicame os teus cambios de en-
drezo.

Unha aperta.